



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Maio 2021



## ARQUITECTURA

### Vanse substituír as cubertas do Pazo de Raxoi

O Consorcio de Santiago vai destinar 706.701,14 € ás obras de substitución das cubertas do Pazo de Raxoi. O proxecto recolle a substitución do material de cubrición de todas as cubertas inclinadas. Manterase a solución de tella cerámica curva, baixo a que se deixará unha cámara de aire ventilada e se incorporará illamento térmico en toda a súa superficie, todo iso co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Ademais, instalárase un novo sistema sifónico de recollida e evacuación das augas de cuberta.

## PUBLICACIÓNS

### “El peregrino y otras historias en Compostela”, relatos de Emilia Pardo Bazán inspirados en Santiago

Coincidindo co centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán, o Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora sacan á luz “*El peregrino y otras historias en Compostela*”. A publicación preparouna un dos maiores expertos na obra da escritora, José Manuel González Herrán, catedrático de Literatura Española e Profesor Emérito da Universidade de Santiago. Reúne dez contos, dúas novelas curtas e o comezo dunha novela inconclusa que Pardo Bazán ambientou na cidade compostelá. Inclúe manuscritos e ilustracións orixinais moi pouco coñecidas.



## MÚSICA

### “O grande Beethoven”, o novo proxecto didáctico da RFG

A actual situación sanitaria levou á Real Filharmonía de Galicia a suspender todos os concertos didácticos da temporada. No entanto, a orquestra está a gravalos para que os centros educativos poidan dispoñer e traballar con este material didáctico. Así, a orquestra gravou o espectáculo “O grande Beethoven”, en colaboración co Servizo Educativo da Casa da Música de Porto e o mestre Jan Wierzbka. Con esta gravación vaise crear un vídeo e guía didáctica, que se porán a disposición da comunidade educativa.

Os centros de Bacharelato e Secundaria xa teñen accesible o material didáctico do espectáculo “Pangea: a paisaxe sonora do noso planeta”, gravado co



multiinstrumentista Abraham Cupeiro, unha viaxe sonora que percorre os cinco continentes.

A RFG clausura a temporada o 27 de maio coa estrea mundial de “Cabalos máxicos para trompeta e orquestra”, composta por Christian Lindberg para o trompetista Pacho Flores. A obra é froito dun encargo conxunto da Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Bilkent (Turquía) e a Orquestra de Cámara Sueca.

### Concertos dos alumnos da EAEM

Os alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO) da Escola de Altos Estudos Musicais van ofrecer varios concertos en xuño. O primeiro será o concerto de fin de curso, no que sete estudantes do centro tocarán como solistas coa Real Filharmonía de Galicia, dirixidos por Maximino Zumalave, o día 3 no Auditorio de Galicia.

Ademais, van protagonizar seis concertos no Paraninfo da USC, os días 7, 8, 10, 14, 15 e 18. As entradas son gratuítas ata completar aforo, aínda que cómpre reservar praza a través de [area.cultura@usc.es](mailto:area.cultura@usc.es).

